



Debuxar o espazo. Os trazos de Julio González

Hai quen di que o escultor Julio González unha persoa moi discreta e con escaso recoñecemento en vida. Posteriormente aceptouse que o seu traballo artístico fora esteo para a creación da escultura do século XX. Os seus logros sobre papel (e algunhas esculturas) inzan estes meses as salas da Fundació Vila Casas. González quería ser pintor. Que atopou no ferro para facer dese metal a materia das súas creacións? A proposta expositiva de Vila Casas complétase con dúas mostras máis.

Lito Caramés



Deseños de Julio González: *debuxar o espazo*

Estes días vén de abrirse ao público a mostra de debuxos de Julio González que programa a Fundació Vila Casas nas súas salas (Espais Volart) da rúa Ausias March de Barcelona: *JULIO GONZÁLEZ-Dibuixos, papers i figures de la col·lecció de l'IVAM*. A **Fundació Vila Casas** é unha institución nacida da iniciativa dun home, Antoni Vila Casas, que se puxo por obxectivo principal fomentar a arte contemporánea que se fai en Cataluña. A tal fin a fundación deste farmacéutico xa ten abertos

espazos expositivos en varias localidades catalás, así como museos e tamén promove concursos artísticos.

O escultor Julio González Pellicer –con devanceiros galegos pola rama paterna– nace e críase nunha familia de ourives (*C. González e Hijos*, Rambla de Catalunya) e decide ser pintor, aínda que co tempo será a escultura a disciplina artística que máis o atrae e o define. Pesaría nel a aprendizaxe familiar? Foi amigo de Pablo Picasso e doutro gran escultor, Pablo Gargallo, outro renovador da escultura do século XX. As máis de 70 pezas que se exhiben nas salas da Fundació Vila Casas veñen do Institut Valencià d'Art Modern (**IVAM**), que desde 1985, xa por compras en Francia –segundo afirma o propio museo, a compra de obra dun artista español no estranxeiro máis grande que se ten feito ata agora–, xa por doazóns das herdeiras do artista (Carmen Martínez e mais Viviane Grimminger), foi acumulando obra de **Julio González** ata chegar ás 400 obras, a colección máis completa deste artista que ten unha institución. As obras de González que agora se poden ver nos Espais Volart sonna súa maioría deseños, catro esculturas importantes, cartas e outros documentos do artista.



Despois de pasar longas tempadas en París, onde coincide con tantos artistas españois no barrio de Montmartre, acaban sendo os anos trinta os de maduración expresiva para Julio González. Desde entón comeza un camiño que o leva a crear unha linguaxe escultórica e plástica moi persoal. No ano 1935 vende ao MOMA a única obra (**Head**, 1935) que vendeu en vida a un museo. González, coetáneo de escultores como Gargallo, Brancusi ou Calder, é quen de atopar o material apropiado (o

ferro) que lle permita reflectir toda a expresividade propia. Xa en París, xa en Barcelona, pasa por varias etapas nas que semella que se aproxima máis ao cubismo ou ao surrealismo, pero ao final opta por facer do espazo a única dimensión e a referencia exclusiva. Os seus temas -entre os que destaca sempre a figura feminina (maternidades, labregas...)- van explorar as posibilidades do ferro no espazo. O ferro debuxando liñas (variñas) de forte contido expresivo e poética sinxeleza; o ferro inventando volumes (pranchas) para suxerir a forza de corpos e obxectos.

Dentro da súa evolución hai unha evidente tendencia da obra figurativa cara as pezas de gran contido abstracto. Todo parece indicar que este camiño cara a abstracción (*Monsieur cactus, Madame cactus*) ten bastante que ver coa relación que González tivo con Picasso en París ao longo do ano 1928. Picasso quere facer unha escultura pública de homenaxe a Apollinaire; quere que sexa en ferro, e sabe que quen sabe diaso é Julio González. Así que lle pide axuda, e durante meses traballan xuntos no estudo de González sobre ese proxecto de monumento ao poeta Apollinaire.



Debuxar o espazo. Maternité - **Montserrat**

Os numerosos debuxos de González expostos pertencen aos primeiros anos do século XX e maiormente á década dos 30, anos do seu esplendor artístico. Tamén o asunto dos mesmos é variado: escenas, nus, máscaras (un dos seus temas preferidos) e por riba de todos a figura feminina. E as maternidades. Os deseños tamén se atopan feitos con lapis e tamén con lapis e con diversas tintas de cores. En todos eles destaca o volume que os seus trazos e sombras logran impor ás figuras, xa sexa unha cabeza, xa un corpo enteiro, xa unha careta. Xa dicía González que o que quería era *debuxar o espazo*. E logrouno. Unha folla de papel e un lapis son os útiles que González precisa para que os trazos se ordenen no espazo e logren o efecto de profundidade con total efectividade.

Julio González presentou para o **Pabellón** da República Española (Exposición Universal de París, 1937) unha peza soberbia: **Montserrat**, agora no Stedelijk Museum de Amsterdam. O artista, verdadeiro innovador da escultura do século XX, escolle unha figura feminina para evocar a traxedia da Guerra Civil. Unha campesiña, unha *pagesa*. A forza expresiva da figura metálica nace das pranchas de ferro, bastas e que semella que non están traballadas. A forza emerxe da posición retadora e tensa da maternidade, do paso en diante: nada a detén; da fouce que brande na man dereita. A determinación desa muller concéntrase mormente na maternidade. *Montserrat* carrega o fillo no brazo esquerdo –tapado por roupa– que se volve escudo contra os inimigos. A *Montserrat*, símbolo de loita, resistencia contra o fascismo. Desde non hai moito a cidade de Barcelona dedica unha praza a Julio González, no Poblenou. Sería unha excelente iniciativa que esa praza tivese unha copia da escultura *Montserrat*, a peza máis simbólica de González.



Pois ben, moitos dos deseños que agora se poden ver nas salas da Fundació Vila Casas xiran arredor desa peza. Algunhas das *Maternité* que o escultor debuxa son dos anos anteriores (1936, por exemplo); tal se diría que o artista anda á procura das formas definitivas da súa escultura. Outras, por contra, son posteriores, o que indica que a maternidade éra unha iconografía que lle interesaba moito a González.

A carón das maternidades tamén se repiten as cabezas femininas, que tamén en moitos casos van na liña da súa coñecida *Tête de Montserrat crient* (1942), obra posterior na que o artista retoma o mesmo tema, a mesma preocupación pola situación que se vivía en España. Símbolos de loita antifascista, de loita feminista.

No ano 2009 houbo no MNAC unha *antolóxica* de Julio González, con máis de 200 pezas, unha verdadeira homenaxe da cidade ao seu artista. Xa daquela había moita obra do IVAM.



Manuel Duque. *Soñando una posibilidad*

As outras dúas propostas que Vila Casas envolve nos Espais Volart para este outono son unha antolóxica sobre o pintor Manuel Duque, pouco coñecido, e a combinación de obra da colección de DKV e mais da Vila Casas.

A retrospectiva de Manuel Duque titúlase *De la llum al món* e xunta unhas vinte obras pictóricas que percorren os anos de creación. Manuel Duque viviu anos en París (traballando de camareiro e outros oficios afastados da arte) e case sempre en Sabadell onde tivo que trasladarse ao morrer o seu pai. Duque é un pintor do que se fala pouco e con escaso recoñecemento; proba diso é que moita da súa creación segue a estar no seu estudo de Sabadell nunha condicións de conservación pésimas, segundo comentou na presentación a comisaria, Inma Prieto. O interese de Duque sempre estivo na luz, e como ese fenómeno condiciona a percepción da natureza das cousas, o movemento dos obxectos e mesmo as paisaxes. Pero non a representación figurativa da

apisaxe, senón a captación da idea de paisaxe. A súa pintura non é figurativa. As súas procuras lévano máis ben da abstracción á xestualidade da *action painting* do expresionismo abstracto.



Soñando una posibilidad, pola súa parte, é una exposición comisariada por Natàlia Chocarro e mais por Alicia Ventura que procura o diálogo entre obras moi variadas da arte contemporánea, tanto das coleccións de DKV, a mutua de seguros médicos e mais da propia Fundación Vila Casas. Unha das premisas da proposta é o denominador común da saúde, do benestar social e mais ambiental. Cada institución presta unhas vinte pezas, e expóñense por parellas ou grupos máis numerosos, segundo afinidades e temas. O benestar visto polos artistas nun mundo en crise, nun mundo que convive co terrorismo, co cambio climático, etc. Os temas son tratados desde diversos substratos artísticos. Hai fotografía, pintura, vídeos, esculturas, instalacións.



Lito Caramés

EXPOSICIÓNS: *JULIO GONZÁLEZ-Dibuixos, papers i figures de la col·lecció de l'IVAM, Soñando una posibilidad, De la llum al món*

Fundació Vila Casas

ata o 30 de decembro de 2018

 Posted 4 days ago por:  santiagra  0 Comentarios

Me gusta 0

Tweet